



# OUTUBRO 2022

## RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES



O CINBIO celebrou o seu ciclo "Ciencia con C de CINBIO" cos obxectivos de dar a coñecer ao público xeral as investigacións e a ciencia que se está a levar a cabo na actualidade no centro, dando visibilidade ao traballo diario do #teamCINBIO.  
[Máis info aquí](#)

### CIENCIA NA RÚA



### PORTAS ABERTAS



### OBRADOIROS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS E INSTITUTOS



## MONOGRÁFICO CINBIO EN EFERVESCENCIA (CRTVG)

O 14 de outubro, con motivo da xornada de portas abertas do centro, realizouse a gravación do programa Efervescencia con Manuel Vicente. Nel, participaron Diana Valverde, Verónica Salgueiriño, Marina Peña e Miguel Correa, ademais do público que asistiu á visita.

Enlace do podcast: <https://go.ivoox.com/rf/95057437>

Tamén esta en [Spotify](#)




## FALEMOS DE CIENCIA EN IGUALDADE

Pampa García Molina, Ariana F. Palomo e Capitolina Díaz no evento cofinanciado pola Unidade de Igualdade

"Falemos de ciencia en igualdade": unha xornada na que se destaquen as bondades da comunicación e divulgación de ciencia sempre facendo especial fincapé no uso da perspectiva de xénero, a importancia de visibilizar a muller na ciencia e na investigación





## TESE: DAVID MIGUEL CASTRO ALONSO

O 21 de outubro, David Miguel Castro Alonso (Innovation in agrifood and health) presentou a súa tese: "Desenvolvemento de ensaios alternativos aos físico-químicos para a confirmación de biotoxinas mariñas presentes en alimentos de orixe mariña."



## TESE: AMPARO MARTÍNEZ

Amparo Martínez (do grupo Inmunoloxía) presentou a súa tese "Caracterización da resposta inmunitaria inducida por novas vacinas contra a tuberculose baseada en nanopartículas." o pasado 28 de outubro



## SEMINARIO NADEZDA PANARINA

O 27 de outubro de 2022 estivemos con Nadezda Panarina, editora en WILEY-VCH, co seu seminario "Publishing Basics, Trends and Tips".




## SEMINARIO ARTUR CIESIELSKI

O 28 de outubro Artur Ciesielski (Institut de Science et d'Ingénierie Supramoléculaires, Université de Strasbourg and CNRS) impartiu a charla "Wet approaches to 2D materials: preparation, functionalization and applications"



## SEMINARIO ARTIOM SKRIPKA


O investigador Artiom Skripka (Lawrence Berkeley Laboratory & Universidad Autónoma de Madrid) ofreceu o seminario "Emission control of lanthanide-doped nanoparticles and their multifaceted application"



## NOVAS, PUBLICACIÓNS, EMPREGO...

Mantente ao día de todo o que ocorre no centro (novas, últimas publicacións, ofertas de emprego abertas, eventos...). Todas as novidades están na nosa web: [cinbio.es](http://cinbio.es)

# PREVISIONS NOVEMBER 2022



## TESE: LARA DIEGO

○ 4 de novembro Lara Diego González (Inmunoloxía) presentará a súa tese: "Nanovacinas e lipoplexos para prevención e terapia".

## LEMBRAMOS QUE:

A partir **do 2 de novembro varios dos servizos e unidades do CINBIO verán interrompida a súa actividade, asociada o apoio técnico e/ou responsable dos mesmos**. Actualmente o centro atópase inmerso no proceso de selección do persoal de varios postos que, por cuestións administrativas propias da convocatoria e sistema de selección, están a demorarse máis do que sería desexable.


Non podemos dar unha data concreta da incorporación das persoas que ocuparán devanditos postos polo que vos pedimos un pouco de paciencia na espera de resolver o procedemento.

Lamentamos as molestias que isto vos poida ocasionar e, na espera de que a situación se resolva coa maior celeridade posible, agradecemosvos a vosa comprensión e colaboración.

Apertas!

# cinbio

[cinbio.es](http://cinbio.es)



*PO FEDER Galicia 2014-2020  
"Unha maneira de facer Europa"*